

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **CAMBRE**

*Aprobación definitiva da modificación da ordenanza de limpeza viaria e ornato público do Concello de Cambre*

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 25 de xuño de 2020, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza de limpeza viaria e ornato público do Concello de Cambre.

Exposta ao público durante trinta días, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, enténdese definitivamente aprobada.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase integramente a modificación do citado texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Modificación do artigo 15 e apartado a) do artigo 27 da Ordenanza de limpeza viaria e ornato público do Concello de Cambre, que quedan redactados do seguinte teor literal:**

#### **Artigo 15**

Os posuidores dos animais deberán coidar de que estes non lixen as vías e espazos de uso público coas súas deposicións e ouriños. No caso de se produciren estes, os seus posuidores están obrigados a recoller os excrementos e limpar a zona afectada de xeito inmediato. Para tal efecto, deberán ir provistos de bolsas para recoller as deposicións que poidan realizar os animais, que deberán depositar no colector de residuos orgánicos. Así mesmo deberán levar unha botella con auga para vertela sobre a zona onde estes ouriñen ou realicen as súas deposicións. Recoméndase diluír unhas gotas de vinagre na auga para unha mellor limpeza da zona afectada.

#### **Artigo 27.- Tipificación das infraccións**

(...)

a) Considéranse infraccións leves as seguintes:

1. Incumprimento das normas sobre limpeza da vía pública como consecuencia do uso común xeral dos cidadáns.
2. Tirar na vía pública pequenos residuos, tales como chicles, restos de froitos secos, cabichas, papeis, envoltorios, etc.
3. Ensuciar a vía pública como consecuencia do consumo de bebidas alcohólicas ou refrescantes, tanto en envases de cristal como de plástico, metal ou similares.
4. Librar residuos fóra dos colectores ou en elementos de contención distintos dos permitidos.
5. Depositar residuos en horas ou lugares distintos aos sinalados polos servizos municipais, ou en colectores que non se correspondan co residuo depositado.
6. Incumprimento da obriga de limpeza en paisaxes e urbanización particulares.
7. Colocar, espaxear ou tirar panfletos, carteis, pancartas, bandeirolas ou materiais similares sen licenza municipal ou en lugares non autorizados.
8. Non recoller inmediatamente as deposicións realizadas por un animal de compañía na vía pública, así como non limpar os lugares onde se realicen as deposicións e ouriños na forma indicada no artigo 15 da presente ordenanza.

Cambre, 24 de agosto de 2020

A concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá

P.D. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Elisa Pestonit Barreiros